

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	35

1. Introducción

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario de longa tradición na bisbarra de Sar, xa que foi o primeiro centro que impartiu ensino secundario na comarca e a súa contorna. A fundación do centro remóntase á década de 1970, en tempos aínda do réxime franquista, e nas súas aulas formáronse en coñecementos e en valores moitas xeracións de cidadáns de Padrón e da súa contorna.

Análise do contexto.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15000 residentes no concello e nos limítrofes de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de alumnado que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2023-2024, hai un número total de 230 matriculados/as: 113 homes (49%) e 117 mulleres (51%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela, China ou Romanía.

En canto ás familias do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes en moitos casos os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

En canto ao profesorado, no presente curso hai 32 profesores e profesoras, dos/as que 26 son mulleres e 6 son homes. 21 destas persoas teñen destino definitivo no centro (70%), mentres que 9 teñen destino provisional (30%) e dúas son profesoras itinerantes (de Relixión e Educación Física), compartindo centro co veciño IES Macías o Namorado.

A materia de Historia de España introduce ó alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon.

A aproximación á metodoloxía histórica, ó uso rigoroso e crítico das fontes, ós marcos conceptuais propios e doutras disciplinas afíns, ás narrativas que constrúen e á propia historiografía, introduce ó alumnado nun coñecemento do pasado baseado no rigor propio da disciplina histórica. Tamén hase de facilitar o exercicio de procesos indutivos e de indagación, relacionados con estratexias asociadas á utilización de fontes, á procura e tratamento da información, ó acceso a documentos de distinta natureza en plataformas dixitais, e ó seu contraste, contextualización e interpretación, o que lle permitirá entender a historia como un ámbito de coñecemento en construción, en constante revisión e cambio. A materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución.

Esta materia impártese no IES Camilo José Cela de Padrón a dous grupos de segundo de bacharelato: 2º A con 17 alumnos e 2º B con 16 alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as anomalías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os séculos XVI e XVII en España	A nova monarquía dos Reis Católicos. A configuración do Imperio español no s. XVI. A crise económica e social do s. XVII. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. Conquista e colonización de América. Conceptos fundamentais.	5	10	X		
2	O século XVIII en España	O cambio dinástico e a guerra de Sucesión. Os Decretos de Nova Planta. O reformismo borbónico en Galicia. A Ilustración en España. O papel da muller na Idade Moderna. Conceptos fundamentais	5	10	X		
3	A crise do Antigo Réxime e as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812	Cronoloxías xerais. Causas da crise do Antigo Réxime. Diferencia entre o Antigo Réxime e o sistema liberal. A guerra de Independencia. A convocatoria a Cortes.	5	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A crise do Antigo Réxime e as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812	Composición social e ideolóxica das Cortes de Cádiz. O labor lexislativo das Cortes de Cádiz. Características da Constitución de 1812. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	3	X		
4	O reinado de Fernando VII	Cronoloxía xeral e das etapas do seu reinado. Descrición das diferentes etapas do seu reinado. Os pronunciamentos liberais. A cuestión sucesoria. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	2	X		
5	A construción do Estado liberal	Caracterización das principais correntes ideolóxicas durante o reinado de Isabel II. Principais partidos políticos: principios defendidos, líderes, etapas de goberno e realizacións. Análise do Estatuto Real e as constitucións de 1837 e 1845. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	5	X		
6	O Sexenio Democrático	A Gloriosa Revolución: causas e protagonistas. Características da Constitución de 1869. A monarquía de Amadeo de Saboya. A Primeira República: forzas políticas, proxecto constitucional de 1873, evolución política. Cronoloxías xerais. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	5	X		
7	A Restauración	Concepto e cronoloxía xeral. Principios políticos. Principais partidos políticos. Rasgos característicos. A Constitución de 1876. Causas da crise da Restauración. Conceptos básicos. Análise de documentos.	5	5	X		
8	A cuestión nacional no último terzo do século XIX	Causas da aparición dos nacionalismo periféricos. Caracterización do nacionalismo español, galego, catalán e vasco. Líderes e realizacións. Cronoloxía. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	2		X	
9	As desamortizacións	Concepto. Características da agricultura durante o Antigo Réxime. As principais leis desamortizadoras: cronoloxía, obxectivos, procedemento, consecuencias. Análise de documentos.	5	2		X	
10	A industrialización en España	Os atrancos para o desenvolvemento industrial. Sectores industriais desenvolvidos. Zonas industrializadas. Medidas políticas aplicadas para impulsar o desenvolvemento industrial. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	2		X	
11	O movemento obreiro español durante o Sexenio e a Restauración.	Concepto. Causas do desenvolvemento do movemento obreiro. Principais correntes ideolóxicas e partidos políticos: principios defendidos, organizacións, formas de loita, líderes. Principais logros da loita obreira en España. Cronoloxía básica. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	2		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	A evolución da sociedade no s. XIX	Caracterización dos diferentes grupos sociais. A situación da muller. Análise de documentos.	5	2		X	
13	A ditadura de Primo de Rivera	Cronoloxía xeral e das etapas de goberno. Causas do golpe de Estado. O Directorio civil e o Directorio militar. A oposición ó Réxime. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	3		X	
14	A Segunda República.	Cronoloxía xeral e das etapas políticas. Caracterización das forzas políticas. A Constitución de 1931. Evolución política. As grandes reformas. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	8		X	
15	A Guerra Civil	Cronoloxía xeral. Bandos en conflito. Apoios internacionais de cada bando. A organización na zona republicana e nacional. Consecuencias. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	5			X
16	O franquismo	Cronoloxía xeral e das etapas de goberno. Caracterización ideolóxica e Leis Fundamentais. As etapas económicas: autarquía, "desarrollismo" e crise económica a partir de 1973. A oposición ó franquismo. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	10	8			X
17	A Transición	Concepto e cronoloxía xeral. Forzas políticas. Figuras destacadas. Os gobernos de Adolfo Suárez. A Constitución de 1978. Os principais problemas. Conceptos fundamentais. Análise de documentos.	5	5			X
18	A situación da muller no século XX	Os cambios que se producen na situación da muller durante a Segunda República. O papel da muller durante o franquismo. Os avances conseguidos a partir de 1975. Análise de documentos.	3	2			X
19	España en Europa e no mundo	A incorporación de España á CEE. Cronoloxía. Dificultades. Consecuencias. A incorporación de España á OTAN. As misións internacionais. Análise de documentos.	4	3			X
20	Evolución e cambios na España actual	O desenvolvemento do Estado de benestar. Os retos que se presentan coa globalización económica. Análise de documentos.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os séculos XVI e XVII en España	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Comprender conceptos fundamentais. Explicar a organización da Monarquía dos Reis Católicos e do Imperio español. Identificar as causas da crise do século XVII. Coñecer a situación económica e social de Galicia nos tempos dos Austrias.	PE	100
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Identificar as diferentes crenzas relixiosas e indicar a situación social dos practicantes das mesmas. Explicar as causas da expulsión dos xudeos e mouriscos.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Saber explicar o papel da Monarquía hispánica en Europa. Identificar os territorios pertencentes ó Imperio español. Repercusións da conquista e colonización de América.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos". - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
2	O século XVIII en España	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Saber analizar fontes históricas da época. Explicar as reformas introducidas polos Borbóns en Galicia. Comprender conceptos fundamentais.	PE	100
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explicar as causas da guerra de Sucesión e a resolución a nivel interno. Explicar os Decretos de Nova Planta e as súas consecuencias.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Comprender o concepto de regalismo. Identificar prácticas políticas dos monarcas españois que se encadran neste concepto. Valorar o papel da muller na Idade Moderna.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Saber as causas da guerra de Sucesión e o seu desenvolvemento internacional. Coñecer o acordado no Tratado de Utrecht. Explicar a influencia da Ilustración en España.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
3	A crise do Antigo Réxime e as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Saber explicar as causas da crise do Antigo Réxime en España. Saber explicar os acontecementos que se producen no contexto da guerra de Independencia. Saber analizar documentos históricos.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explicar a Constitución de 1812 e comparala con outros textos constitucionais. Saber analizar o texto constitucional.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Saber diferenciar entre os rasgos característicos do Antigo Réxime e o sistema político liberal. Comprender conceptos básicos.	PE	100
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identificar as ideoloxías fundamentais presentes nas Cortes de Cádiz. Saber analizar textos históricos.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Identificar os grupos sociais partidarios do absolutismo e do liberalismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - da sociedade actual. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.

UD	Título da UD	Duración
4	O reinado de Fernando VII	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Coñecer a cronoloxía xeral do reinado de Fernando VII e das etapas do seu reinado. Saber analizar documentos históricos da época. Comprender conceptos básicos.	PE	100
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Identificar e diferenciar as etapas do reinado de Fernando VII. Contrastar as políticas aplicadas en cada etapa. Sinalar as consecuencias da perda das colonias americanas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos

Contidos
- sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
5	A construción do Estado liberal	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Situar cronoloxicamente o reinado de Isabel II así como as diferentes etapas do seu goberno. Saber caracterizar as diferentes etapas do seu goberno. Saber analizar documentos da época. Comprender conceptos básicos.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Coñecer as características das constitucións de 1837 e 1845 e saber comparalas coa de 1812. Saber analizar fragmentos das mesmas.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Identificar as principais correntes ideolóxicas do século XIX: carlismo, liberalismo doutrinario e democrático. Identificar os partidos políticos que as representan: principios ideolóxicos, líderes, actuacións, etapas de goberno.	PE	100
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Saber analizar e comentar documentos sobre as diferentes ideoloxías e partidos políticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</p> <p>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</p> <p>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</p>

UD	Título da UD	Duración
6	O Sexenio Democrático	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Situar cronoloxicamente o Sexenio Democrático e as súas etapas. Explicar as causas da Gloriosa Revolución e indicar quen a protagonizaron. Caracterizar as difetentes etapas de goberno: monarquía de Amadeo de Savoia e Primeira República. Comprender conceptos fundamentais.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Coñecer as características da Constitución de 1869 e comparala coas precedentes. Analizar fragmentos do texto constitucional. Coñecer as características do proxecto de constitución de 1873.	PE	100
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Identificar os principais grupos políticos: moderados, progresistas, unionistas, demócratas, republicanos. Coñecer os principios políticos que defenden. Saber explicar o comenzo do movemento obreiro en España. Analizar e comentar documentos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Comentar documentos sobre os diferentes grupos políticos da etapa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
7	A Restauración	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Situar cronoloxicamente a Restauración e as súas etapas. Comprender conceptos básicos. Explicar os fundamentos ideolóxicos e políticos da etapa recoñecendo as diferenzas co Sexenio Democrático. Analizar e comentar documentos.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Coñecer as características da Constitución de 1876 e comparala coas anteriores. Analizar fragmentos do texto constitucional.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explicar os cambios sociais e económicos da etapa de Restauración. Indicar e explicar as causas da crise da Restauración. Analizar documentos históricos.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identificar e diferenciar os principais partidos políticos: principios ideolóxicos, líderes, actuacións. Analizar documentos históricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
8	A cuestión nacional no último terzo do século XIX	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Situar cronoloxicamente o desenvolvemento dos nacionalismos periféricos. Comprender conceptos básicos. Analizar e comentar documentos.	PE	100
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identificar os rasgos característicos do nacionalismo español e dos nacionalismos periféricos: galego, catalán e vasco. Indicar as súas organizacións, líderes e actuacións realizadas. Analizar documentos históricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
9	As desamortizacións	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identificar as principais leis de desamortización e situalas cronoloxicamente na etapa de goberno na que se aproban.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Diferenciar entre a situación da terra no Antigo Réxime e no sistema liberal. Explicar as diferentes leis de desamortización: causas, obxectivos e consecuencias da súa aplicación. Análise e comentario de documentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.

UD	Título da UD	Duración
10	A industrialización en España	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identificar as diferentes etapas no proceso de industrialización de España. Identificar as medidas políticas postas en marcha para impulsar o desenvolvemento industrial sinalando a etapa e goberno que as pon en marcha. Comprender conceptos básicos.		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Identificar as causas do atraso no desenvolvemento industrial en España. Explicar os sectores industriais desenvolvidos e as zonas industrializadas. Analizar documentos gráficos e escritos.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Coñecer as diferentes explicacións sobre o atraso industrial español. Identificar as diferentes posicións dos grupos políticos respecto á industrialización e o desenvolvemento económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.
- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
11	O movemento obreiro español durante o Sexenio e a Restauración.	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Situar cronoloxicamente o desenvolvemento do movemento obreiro identificando as etapas políticas nas que cobra protagonismo. Comprender o concepto de movemento obreiro. Comprender conceptos básicos. Saber analizar e comentar documentos.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Identificar as principais ideoloxías e organizacións obreiras. Coñecer os principios que defenden, as formas de loita adoptadas e os seus líderes. Coñecer as principais conquistas do movemento obreiro español. Saber analizar documentos históricos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
12	A evolución da sociedade no s. XIX	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
